

P2

NOVAS ARMAS
PARA A I+D+I
GALEGAS

Galicia impulsa unha nova fórmula para promover unha colaboración público-privada capaz de transferir resultados ao mercado e atraer investimento // A ciencia básica estrea tamén un programa para captar, reter e recuperar os mellores

QUE FAN E QUEN SON?

Energylab+Gas Natural A súa unidade mixta céntrase no deseño de procesos en relación co uso do gas natural e biometano para a mobilidade de barcos e tractores. A Xunta concede 650.000 € e a unidade mobiliza en total 2,2 millóns e 3 anos.

Anfaco+Grupo Jealsa Modernizar a produción do mexillón ou a fábrica do futuro son dous retos compartidos na unidade, dotada con 2 millóns. O 50% achégano as empresas; o 30%, a Xunta; e o 20% Anfaco.

Itmati+Repsol O Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial e a compañía que ren optimizar o proceso de produción dunha planta de enerxía e o deseño de baterías de vehículos eléctricos. Mobilizarán 2,1 millóns, 0,42 investidos pola Xunta.

CTAG+ Borgwarner A multinacional americana e o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia apostan por compoñentes e sistemas na vangarda para que os vehículos contaminen menos. Mobilizarán 3 millóns, 1 deles achegado pola Xunta.

CTAG+PSA Peugeot Citroën O CTAG tamén se alía cunha unidade mixta con Citroën na procura de vehículos autónomos e conectados. Hai 4 millóns de euros sobre a mesa. 1,5 facilitáos a Xunta.

Gradiant+Everis O Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia e a multinacional traballarán en compoñentes de software e modelos de xestión sociosanitaria. A unidade moverá 2,1 millóns, 0,65 da Xunta.

Aimen+Grupo Copo A sociedade de Investigación Metalúrxica do Noroeste únese a Copo para mellorar os produtos espumados de poliuretano para automoción. Moverán 2,5 millóns.

USC+Esteve A USC e o laboratorio avanzan na descuberta de fármacos contra a dor crónica. A unidade moverá en 3 anos 2,7 millóns, dos que a Xunta achega 0,8.

As unidades mixtas de innovación xeraron xa 110 empregos cualificados

O modelo da Xunta apoiou xa 8 alianzas de empresas e centros de I+D que mobilizan 30 millóns

MARÍA ÁLVAREZ
Santiago

Acelerar a consecución de novos medicamentos contra a dor crónica, incrementar a vida útil das baterías que empregan os vehículos eléctricos, modernizar a produción acuícola do mexillón de batea ou desenvolver compoñentes de automóbiles que diminúan as emisións contaminantes. Estas son algunhas das misións das 8 primeiras unidades mixtas de innovación apoiadas pola Xunta de Galicia (ver columna xunto a estas liñas), o primeiro paso dun programa concebido para atraer investimento en investigación e desenvolvemento (I+D) en Galicia apoiando a cooperación entre empresas e universidades e centros tecnolóxicos. Poucos meses despois da súa posta en marcha, teñen cumprido xa outro dos propósitos desta aposta: xerar emprego altamente cualificado. Son algo máis de 110 postos de máxima cualificación, dende tecnólogos a doutores, unha cifra que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) pretende aumentar ata os 250 coa segunda convocatoria de apoio á creación de unidades mixtas, que mantén aberto o prazo de presentación de propostas ata este luns.

“Hai unha necesidade clarísi-

ma de que parte do coñecemento que se xera se transfira ao mercado, e a mellor maneira de transferilo é desenvolvelo nas últimas etapas coas propias empresas. E nós o que facemos é poñer unhas condicións favorables para estas o fagan en Galicia”, resume o director da GAIN, Manuel Varela. “Temos bastante esperanza de que a fórmula non só sirva para achegar os nosos centros de investigación ás empresas, senón tamén para que desenvolvan tecnoloxía que se poida producir, fabricar en Galicia e comercializar dende aquí”, engade.

A fórmula é a seguinte: a Xunta achega o 30% do investimento de cada unidade mixta e a empresa, o 40%, que ten que ser polo menos 1 millón de euros para o centro de investigación, ben en forma de equipamento, ben en forma de contratación de persoal. O achegado ten que ser sempre a maiores do xa investido pola compañía en Galicia. O resto, ata completar o 100% do capital mobilizado, que debe ser polo menos 2 millóns de euros, correspóndelle á universidade ou centro tecnolóxico socio.

Na primeira convocatoria, cun investimento de 6,8 millóns de euros pola banda do Goberno galego, conseguírase mobilizar así 20,7 millóns de euros nos vindeiros 3 anos, o tempo mínimo de



Persoal na unidade mixta Esteve-USC, co Cimus. Foto: Javi Regos

compromiso entre os socios da unidade mixta.

Na nova edición de 2015 a Consellería de Economía eleva a súa achega a 9 millóns, que implicarán mobilizar 30 millóns e crear, calcula, 150 empregos altamente cualificados máis. Estímase que poderían xerarse ata 10 novas unidades mixtas. Entre as empresas e centros de investigación que amosaron interese en optar a esta fórmula volven estar presente o sector farmacéutico, a automoción e mesmo o naval.

Se o centro chega a obter beneficio económico da investigación asociada á unidade mixta, a axuda compórtase como préstamo e debe devolvela. “Este é un cambio de filosofía importante. A Xunta reduce o risco do proxecto e se non ten éxito, cousa que pasa ás veces na investigación, a axuda funciona a fondo perdido. Pero se hai beneficio económico, devólvese para que nós reinvestamos”, detalla Varela.

AS CIFRAS

50

millóns mobilizados O programa de unidades mixtas contará entre 2014 e 2015 con 15,8 millóns de euros da Xunta. Xunto ao achegado polos socios, mobilizáranse 50 millóns de euros.

250

empregos Cada unidade mixta subvencionada debe funcionar polo menos nos vindeiros 3 anos. Espérase que en conxunto xeren uns 250 empregos de alta cualificación.